

A MORTALIDADE INFANTIL NO MUNDO

Cando un neno cumple anos é un motivo de celebración para todos en calquera país do mundo, pero hai cousas que cambian duns sitios a outros. No terceiro cumpleaños dun neno moitas veces díselle: “pide un desexo” e o desexo cambia duns sitios a outros. Mentres que nos países desenvolvidos como Francia, Italia, España, ... o desexo sería un xoguete, o neno que vive en Afganistán, en Malí ou en Níxer non pensaría en xoguetes, probabelmente pediría chegar ós cinco anos. Isto é triste pero certo.

O mundo pode dividirse en tres categorías segundo o grao de desenvolvemento dos países que ocupan cada grupo. Así estes tres grupos son: os países cun grao de desenvolvemento alto (Francia, Italia, España,...), os países cun grao de desenvolvemento medio (Brasil, Arxentina,...) e os países cun grao de desenvolvemento baixo (Uganda, Ruanda, Níxer,...). Segundo os datos de Unicef cada ano morren 9,7 millóns de nenos menores de cinco anos no mundo ou sexa, de cada 12 nenos que nacen, morre un e o 80% das mortes prodúcense en África e en Asia meridional. Os países cos índices de mortalidade infantil máis altos son Angola e Serra Leona na cabeza seguidos de Afganistán, Níxer,... Cunha mortalidade infantil moderada atópanse Ecuador, China, Albania,... e os países coas taxas de mortalidade infantil máis baixas son Suíza, Singapur ou Alemania. Estas taxas correspóndense máis ou menos cos graos de desenvolvemento dos diferentes países.

Todo isto é unha inxustiza, en teoría tódolos nenos deberían ter os mesmos dereitos :a ir á escola, a unha alimentación axeitada,...pero sobre todo deberían ter o dereito á vida que é fundamental.

Normalmente os nenos morren de problemas de saúde comúns como son a diarrea, a neumonía, a desnutrición ou as enfermidades neonatales que poden afectar a un só neno ou a varios. No ano 2000 Kofi A. Annan dicía o seguinte en *Nosotros los pueblos*: “En los últimos decenios, las innovaciones en la medicina, los progresos en la atención básica de salud y las políticas sociales

favorables han producido grandes aumentos de la esperanza de vida y marcado descensos en la mortalidad infantil”.

Segundo os datos de Unicef ten razón, debido ós avances na medicina e a novos descubrimentos a esperanza de vida aumentou e a mortalidade infantil diminuíu. Aínda así as taxas de mortalidade infantil son demasiado altas, no 2003 morrían un 0,9% de nenos menores dun ano e un 1% de nenos de máis dun ano nos países desenvolvidos, un 4,6% de nenos menores dun ano e un 6,1% de nenos maiores dun ano nos países de desenvolvemento medio e un 10,8% de nenos menores dun ano e un 18,3% de nenos maiores dun ano nos países cun desenvolvemento baixo. Prever a mortalidade infantil nun 63% poderíase facer con tan só unhas intervencións: atender ós recém nados seguindo dunha maneira constante a súa saúde, alimentar ós recém nados, prever a transmisión do sida das nais ós fillos, tratar ós afectados polo VIH e tratar a desnutrición.

O 20 de novembro celebrouse o día internacional da infancia e este ano, o XVII aniversario da convención sobre os dereitos do neno aprobada en 1989 aínda así, en moitos lugares do mundo non se respetan estes dereitos.

Despois de saber todo isto deberíamos contribuír nós e as seguintes xeracións a diminuír a mortalidade infantil pero non teremos que esperar tanto para que cheguen os primeiros resultados sobre os primeiros proxectos xa que reducir a mortalidade infantil é un dos oito obxectivos do Milenio que levou a cabo as Nacións Unidas e este obxectivo deberá estar cumprido no 2015 xa que este proxecto xa leva varios anos levándose a cabo (dende 1990) e remata no 2015. Ata entón tócanos esperar.

María Ramil Méndez 3ºA